



DATOS IDENTIFICATIVOS

Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés

Materia	Situacións de comunicación en lingua estranxeira: Francés			
Código	O05G120V01906			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García Fernández, Manuel Ángel			
Profesorado	García Fernández, Manuel Ángel			
Correo-e	manuelangel.garcia@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é proporcionar aos futuros mestres/as unha visión metodolóxica sobre o ensino da lingua francesa e profundizar con eles no enfoque comunicativo, con especial fincapé en situacións nas que comunicamos habitualmente. Ademais da abordaxe experiencial como estudantes do idioma, os alumnos en tanto que futuros docentes poderán explotar como xerar situacións de comunicación na aula.			

Competencias

Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
CG3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
CG4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
CG5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
CG7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
CG8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
CG9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
CG10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
CG11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
CG12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
CE43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
CE50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
CE51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira

CE52	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
CE61	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Capacidade de organización e planificación
CT3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
CT4	Coñecemento de lingua estranxeira
CT5	Coñecemento de informática relativos ao ámbito de estudo
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Resolución de problemas
CT8	Toma de decisións
CT9	Traballo en equipo
CT10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
CT11	Traballo nun contexto internacional
CT12	Habilidades nas relacións interpersoais
CT13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
CT14	Razoamento crítico
CT15	Compromiso ético
CT16	Aprendizaxe autónoma
CT17	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT19	Lideranza
CT20	Coñecemento doutras culturas e costumes
CT21	Iniciativa e espírito emprendedor
CT22	Motivación pola calidade
CT23	Sensibilidade por temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
1. Diseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro	CB3 CB4 CB5	CG2 CG3 CG9 CG12	CE61	CT2 CT6 CT9 CT10 CT17 CT21 CT22
2. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativo e promovelos entre os estudantes	CB3 CB5	CG2 CG3 CG4 CG10 CG11	CE61	CT5 CT10 CT16 CT21 CT22
3. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües.		CG5	CE50 CE52	CT3 CT4 CT5 CT11 CT12 CT13 CT20
4. Diseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá	CB3	CG3 CG7 CG8		CT8 CT10 CT12 CT13 CT14 CT15
5. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación			CE43 CE51 CE52	CT3 CT4
6. Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes	CB4	CG2	CE51 CE61	CT2 CT8 CT18 CT20 CT22
7. Identificar os tipos de actividades comunicativas nos ámbitos persoal, público, profesional e educativo.			CE43 CE51 CE52	CT3 CT4

8. Elaborar tarefas (situacións de comunicación) que contemplan os distintos tipos de actividades comunicativas en distintos ámbitos adecuadas ao nivel A1 do Marco.		CE43 CE51 CE52	CT3 CT4 CT8 CT10 CT17 CT18 CT20 CT21 CT22
9. Elaborar esquemas cognitivos que permitan elaborar cada tarefa en subtarefas	CB4	CE51 CE61	CT7 CT21
10. Saber relacionar a tarefa co seu correspondente nivel de referencia (A1 do Marco Común Europeo)		CE43 CE51 CE52	CT1 CT20
11. Determinar as competencias xerais e comunicativas que corresponden a cada subarea.		CE51 CE52	CT4 CT20 CT23
12. Levar a cabo tarefas representándoas na aula		CE43 CE51 CE52	CT2 CT3 CT4 CT9 CT19 CT21
13. Saber utilizar as escalas holísticas e específicas para a avaliación das tarefas		CE43 CE61	

Contidos

Tema	
1. Introducción aos conceptos básicos das actividades comunicativas.	1. A clase de lingua. O contexto material. Os actores.
2. O contexto de uso da lingua.	2. A lingua materna. A lingua segunda e estranxeira.
3. O discurso como unidade básica de comunicación.	3. As competencias básicas de comunicación.
4. A Avaliación a través dos niveis.	4. As ferramentas institucionais e os enfoques metodolóxicos.
5. Fichas prácticas: oral e escrito.	5. Prácticas de clase.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	10	20	30
Presentación	5	11	16
Prácticas de laboratorio	10	10	20
Traballo tutelado	18	20	38
Actividades introdutorias	1	0	1
Prácticas con apoio das TIC	0	25	25
Lección maxistral	5	11	16
Práctica de laboratorio	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Exercicios ou problemas a elaborar na clase.
Presentación	Exposicións preparadas polos alumnos a presentar na clase sobre un tema concreto.
Prácticas de laboratorio	Prácticas a realizar na clase.
Traballo tutelado	Exercicios a realizar na clase
Actividades introdutorias	Actividades a realizar polo alumno na clase a modo de introdución dun tema.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dalgún aspecto do temario.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Resolución de problemas	Os exercicios serán obxecto de corrección en clase.
Prácticas de laboratorio	Ofreceráse avaliación retroactiva para resolver dúbidas.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Traballo tutelado	Proba na que se presenta unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc	25	CB3	CG2 CG4 CG11	CE43 CE52	CT1 CT2 CT3 CT4 CT6 CT14 CT17 CT18
Práctica de laboratorio	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia	50			CE43 CE52	CT1 CT6 CT18
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	25	CB3	CG11	CE43 CE52	CT1 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos que asistan con regularidade a clase (5 faltas máximo sin xustificar) acolleranse a modalidade de avaliación continua: exposicións e controis puntuais 50% ; prácticas de fichas de situacións de comunicación oral e escrita, 50 %.

Aquelles alumnos que superen a materia durante o curso, haberán de presentarse ao exame final na convocatoria de maio ou xullo, que consistirá nunha parte teórica (50%) da materia desenvolvida no curso e unha parte práctica de fichas de comunicación (50%).

Data do exame: Consultar a web da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bertocchini, P. / Costanza, E., **Manuel de formación pratique**, Clé international,

Cuq, J.P. / Gruca, I., **Cours de didactique du français langue étrangère et seconde**, Pug,

Bibliografía Complementaria

Sophie Moirand, **Enseigner à communiquer en langue étrangère**, Clé internationale,

Sophie Moirand, **Situations d'écrit**, clé internationale,

Javier Suso Lopez, **Communication et enseignement/apprentissage du français-Ile**, Granada,

Courtillon, J., **Elaborer un cours de FLE**, Hachette,

Vigner, G., **Enseigner le français comme langue seconde**, Clé international,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma estranxeiro: Francés/O05G120V01904

Lingua estranxeira a través das novas tecnoloxías: Francés/O05G120V01905

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Didáctica da lingua estranxeira: Francés/O05G120V01915

Lingua francesa e a súa didáctica/O05G120V01505

Outros comentarios

Convén ter un nivel de lingua francesa A2.

Recoméndase seguir a modalidade da avaliación continúa.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican:

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:

Non hai.
